

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E SWEET NOCTURNA, S.L.N.E. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CICLO DE MÚSICA GALICIA IMPORTA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar con Sweet Nocturna, S.L.N.E. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 20 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento do ciclo de música Galicia Importa, cunha programación de como mínimo catro concertos, en datas únicas en Galicia, de artistas internacionais de referencia nos seus respectivos estilos musicais que se repartirán ao longo do ano, de abril a decembro de 2018, nas catro provincias galegas.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Sweet Nocturna vén organizando dende 2008 un ciclo de concertos internacionais baixo a denominación "Galicia Importa", consolidado como un sólido programa de concertos especiais, en aforos reducidos, de artistas internacionais de primeiro nivel que se celebran en diferentes lugares de Galicia ao longo de todo o ano. Despois de seis edicións realizadas, 4.000 asistentes por edición e máis de 40 concertos celebrados, Galicia Importa conseguiu incluír a comunidade dentro do circuito de xiras internacionais, converténdose, así, nun evento pioneiro dentro do panorama musical galego como alternativa a eventos musicais de carácter masivo, cunha variedade de formatos e estilos para disfrutar da música en óptimas condicións. En 2018 preténdese que Galicia Importa manteña a súa exitosa traxectoria que o levou a ser un ambicioso ciclo de concertos internacionais e que permita volver a achegar aos escenarios galegos artistas de prestixio, ampliando o contido cultural que se desenvolve na nosa comunidade

A Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que profundicen na promoción e potenciación do sector musical a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa dimensión internacional, cunha programación que evidencia o pulso de calidade dun ciclo cunha clara marca de identidade propia.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

Pretende acadar así a Agadic unha maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo, de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, enriquecendo, sen dúbida, o noso patrimonio musical. Supón, ademais, a inclusión de Galicia no circuío de distribución internacional, como destino a ter en conta polas multinacionais que entran en contacto coas empresas musicais do país, algo que dende a Agadic se considera necesario apoiar, recoñecendo o esforzo das produtoras e promotoras musicais galegas na organización deste tipo de eventos, que veñen satisfacer as demandas dunha parte importante do público musical galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

